


Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Modelo silvícola QP2

Cerquiño *Quercus pyrenaica* Will.

Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repopoación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituration de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**



Cerquiño

Quercus pyrenaica Will.

MODELO SILVÍCOLA QP2

Persistencia e produción multifuncional en reboleiras en monte alto

1 PREPARACIÓN DO TERREO


- Subsulado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

2 PLANTACIÓN

- **Densidade de plantación inicial:** en rexenerados naturais desde 2.000-2.500 pés/ha, para monte bravo, ata 400 pés/ha, de alto fuste que acaden as cortas de rexeneración.

3 MANTEMENTOS

- Control da vexetación, ben mediante o manexo de gando ou por medios mecánicos.
- Será adecuada a apertura mecanizada de faixas rozadas de 3 m cada 25 m de anchura en montes bravos.



MODELO SILVÍCOLA QP2

ESPECIE: reboleiras de *Quercus pyrenaica* Will. como especie principal, presenza posible doutras especies en mestura, en particular carballo

OBXECTIVO: multiprodución de reboleiras en monte alto: leñas, madeira, pastoreo extensivo, aproveitamentos cinexéticos e micolóxicos

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais. Reboleiras de calquera calidade de estación, procedentes de rexeneración natural por rebrote ou por semente

4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Resalvo de conversión:** no caso de rebrotes, primeira rarea con diámetros medios de 10-15 cm, deixando polo menos un pé por cepa. A introdución de gando permitirá reducir a intensidade do rebrote.
- **Podas de formación:** non serán, en xeral, necesarias.
- **Rareas:** 3 rareas sucesivas, polo menos, desde os 30 anos, cada 10 anos. Procurarase manter arboredo con copa ben desenvolta para evitar gromos no tronco.
- Asegurarase a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade.

5 CORTAS DE REXENERACIÓN

- **Idade de corta:** aos 80-120 anos, con 400 pés/ha duns 32 cm de diámetro e altura dominante de 22-24 m.
- **Métodos de corta:** comezar aos 80-120 anos, mantendo o arboredo de maior idade sen cortar polo pé. Intervencións de rareo sucesivo buscarán a rexeneración por landra.